



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS TRINTA E DÚAS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA SETE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás nove horas e trinta minutos do día sete de xuño de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Xose Luis Martínez Blanco, Rocio Cochon Castro, Marcial García Freijeiro, Manuel Domínguez Álvarez, Juan José Rodríguez Grandal, Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Rosa Fernández González e Silvia Díaz Iglesias; escusan a non asistencia os concelleiros Xulio Bareiro Lubián, Margarita Caldas Moreira, Angel Moldes Martínez, Candido Muiños Balea e Natividad Torres Balea. Actuando a como Secretaria a do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4266.- SORTEOS (RESERVA) A CELEBRAR PARA A FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS VINDEIRAS ELECCIÓNS XERAIS DO PRÓXIMO 26 DE XUÑO DE 2016.- Polo Presidente declárase aberta a sesión e a secretaria D^a. Paula E. Ramos Díaz explica aos asistentes que se van a realizar seis sorteos máis para as notificacións fallidas e para os novos nomeamentos dos membros das mesas co motivo das escusas presentadas e aceptadas pola Xunta Electoral de Zona correspondente ao primeiro sorteo realizado polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria realizada o 30 de maio de 2016.

Os cinco sorteos realizados, previamente dilixenciadoas únense á presente formando parte integrante da mesma.

Dáse conta da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 2/1980, de 18 de xaneiro; 5/1985, de 19 de xuño; 8/1991, de 13 de marzo, 6/1992, de 2 de novembro, e 13/94, de 30 de marzo, 3/1995 do 23 de marzo, Real Decreto 489/1995, de 3 de abril polo que se ditan normas reguladoras dos procesos electorais, e Decreto 605/1999, 16-4, de regulación complementaria dos procesos electorais e LO 2/2011.

De conformidade co artigo 26 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral: 1).- A formación das Mesas compete ós Concellos baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona. 2).- O Presidente e os Vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na mesa da sección correspondente, que sexan menores de 70 anos e que saiban ler e escribir. O Presidente deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo grao, ou subsidiariamente, o de Graduado Escolar ou equivalente. 3).- Procédese da mesma forma o nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa. O artigo 25 da devandita Lei sinala que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais.

A documentación existente neste Concello consiste en copias do Censo Electoral Ordinario, referido ao 27 de febreiro de 2016, confeccionado pola Oficina Provincial do Censo Electoral, con lista de electores referidos ás Mesas dos Distritos e Seccións do termo municipal de Poio, Distrito Primeiro, Seccións 1ª a 8ª; Distrito Segundo, Seccións 1ª a 3ª, cun total de vinte e cinco mesas electorais, divididas por orde alfabético xeral.

Os sistemas informativos actuais permiten, a realización dun sorteo eficaz, rápido e transparente, seleccionando aos electores que reúnan as condicións específicas a cada caso, sen necesidade da previa selección mediante a confección de listados por separado para presidentes e outros para vogais, ao facilitar a Oficina do Censo Electoral, o soporte magnético do Censo Electoral por Seccións.

O Pleno da Corporación considera correcto os sorteos efectuados sen formular ningunha observación, polo que lle presta conformidade, dispoñendo sexa remitido o resultado á Xunta Electoral de Zona.

A Corporación por unanimidade acordou aprobalo.

4267.- URBANISMO, APROBACIÓN PROVISIONAL DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL EN RIOMOURO PEQUENO.- Previa ratificación da inclusión do asunto na orde do día polo voto favorable dos membros presentes, de conformidade co establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais ao non ser ditaminado por comisión informativa ningunha, no momento da convocatoria deste pleno.

Dáse conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 26 de maio de 2016, que dí textualmente: “ (...) Visto o expediente de urbanismo nº 109/15, de proxecto de modificación puntual do PXOM de Poio, promovido polo Concello de Poio, para a delimitación do núcleo rural de Riomouro Pequeno – documento para aprobación provisional, na parroquia de San Xoán, redactado por A.D. PLAN, Arquitectura Diseño y Planeamento S.L.P. e asinado polo arquitecto Alfredo Díaz Grande; e segundo o disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente e a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que, se aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), informo o seguinte:

PRIMEIRO.- Con data 26 de xaneiro de 2016, esta asesoría emitiu informe propoñendo ao pleno a aprobación provisional deste proxecto de modificación puntual de núcleo rural de Riomouro pequeno, por someterse xa a información pública a aprobación inicial.

SEGUNDO.- Con data 1 de marzo de 2016, ten entrada no Concello de Poio oficio de 29 de febreiro de 2016, do Director do Departamento Técnico de Estudos, ao que adxunta informe da Directora do Instituto de Estudos do Territorio, de conformidade co artigo 7, da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, no que chega a seguinte conclusión que “a incidencia sobre a paisaxe, neste caso, non ben dada tanto pola proposta urbanística coma polos antecedentes, que afectan negativamente aos valores naturais e patrimoniais e non cumpren os criterios de integración paisaxística axeitados a un so solo das características do que se pretende delimitar. Por isto, a modificación puntual do PXOM, ademais de axustar a delimitación do núcleo conforme ao sinalado sobre a protección, do arbolado autóctono, debe recoller as medidas necesarias para a restauración das actuais afeccións paisaxísticas”.

Polo que, vista nova proposta de modificación puntual, do equipo redactor, que recolle as medidas necesarias para a restauración e conservación da paisaxe existente no ámbito, sen perxuízo dos informes que poida emitir o mesmo equipo redactor e os técnicos municipais, é polo que, INFORMO favorablemente a aprobación provisional da modificación puntual, coas correccións realizadas polo equipo redactor, por considerar que respeta o informe salientado, non sendo necesaria practicar unha nova información pública por considerar que non houbo unha modificación sustancial do proxecto xa aprobado inicialmente. “

Dáse conta igualmente do informe da Arquitecta Municipal de data 6 de xuño de 2016, que di textualmente:

“ (...) En relación ao proxecto de delimitación de núcleo rural de Riomouro Pequeno redactado por ADPlan, Arquitectura, Diseño y Planeamiento, SL, a técnica municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

Tramítase a delimitación de núcleo rural de Riomouro Pequeno de acordo coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Logo de ver o proxecto de delimitación de núcleo rural de Riomouro Pequeno redactado por ADPlan, Arquitectura, Diseño y Planeamiento SL (última versión con entrada no Rexistro o 03/05/2016) resulta o seguinte:

1. Xustifícase o cumprimento dos requisitos establecidos polo art. 13º LOUG.
2. Realízase un estudo do núcleo rural (art. 61º.3 LOUG).
3. Descríbese na documentación gráfica a delimitación do perímetro do núcleo rural así como a xustificación gráfica do cálculo e consolidación pola edificación.
4. Descríbese na documentación gráfica as dotacións públicas existentes.

Conta con ordenanzas de edificación reguladoras dos usos, volume e condicións hixiénico sanitarias dos terreos e construcións, así como as características estéticas da edificación e o seu contorno (art. 56º.1.d LOUG) e de conservación da paisaxe rural no núcleo, e outras determinación de protección de elementos culturais protegidos (art. 56º.1.f LOUG).

5. Contén as fichas de catálogo de dous hórreos existentes

O proxecto pasou o trámite de información pública do 17/12/2015 ao 01/02/2016, sen que consten alegacións. A estes efectos, as correccións realizadas no documento resultantes do informe sectorial do IET non supoñen unha modificación substancial do mesmo.”

Dáse conta do informe emitido pola Secretaria Xeral de data 6 de xuño de 2016, que di textualmente: “ (...) Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro e art. 85.1º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) , emito o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito.

Informe de secretaría de 23 de febreiro de 2016.

Informe do Instituto de Estudos do Territorio de 24 de febreiro de 2016, número rexistro de entrada 1063 de 1 de marzo de 201, no que se indica que o proxecto de delimitación puntual afecta negativamente aos valores naturais e patrimoniais e non cumpren os criterios de integración paisaxística axeitados aun solo das características do que se pretende delimitar e indica "...Por isto, a delimitación do núcleo conforme ao sinalado sobre a protección do arboredo autóctono, debe recoller as medidas necesarias para a restauración das actuais afeccións paisaxísticas".

Dende secretaria realízase consulta telefónica co Instituto para os efectos de verificar se é necesario obter un novo informe sobre os cambios efectuados na documentación. O xefe do servizo de Planificación da Paisaxe resposta que non, tan so verificar que se teñan seguido as indicacións marcadas no informe.

O 9 de marzo de 2016, número rexistro de entrada 1260, o organismo Augas de Galicia comunica ao concello que se ratifica no contido do informe emitido con data 15/12/2015 "...debéndose ter en conta as prescricións sinaladas na documentación definitiva".

O 3 de maio de 2016, número rexistro de entrada 2339 recíbese escrito de AD Plan Arquitectura, Diseño y Planeamiento, SLP polo que se achega informe e nova documentación que serve de contestación ao informe sectorial en materia de paisaxe.

Informe do asesor xurídico de 26 de maio de 2016.

Informe de AD Plan Arquitectura, Diseño y Planeamiento, SLP, do 27 de maio de 2016

respecto da inexistencia de modificacións esenciais para os efectos de desenvolver unha nova fase de información pública.

Consideracións xurídicas.

Con data 23 de febreiro de 2016 realizábanse as seguintes consideracións xurídicas:

"...Primeira.- Alcance do informe

Obra xa no expediente previo informe de secretaría emitido no curso do expediente que se tramitado nun primeiro momento como modificación puntual do PXOM e posterior de 26 de outubro de 2016.

O exame da documentación achegada ao expediente pon de manifesto o cumprimento do trámite de información pública previo á aprobación provisional ao que se refire a disposición adicional segunda LOUGA.

Respecto dos informes solicitados e non recibidos:

O art. 32.4º da Lei 8/1995, de 30 de outubro de patrimonio cultural de Galicia, indica que transcurridos tres meses dende a petición de informe para figuras de planeamento urbanístico, entenderase emitido en sentido favorable. A petición de informe ten data 26 de novembro de 2015, número rexistro de saída 3352 polo que computando da forma máis favorable a partir da entrada no Rexistro xeral da Xunta de Galicia ese mesmo día nº 1054/RX 2397150, o prazo remataría o próximo día 26.

A o informe de avaliación ambiental refírese o informe do asesor xurídico por canto o presente procedemento non estaría en principio sometido a tal réxime.

Respecto aos que deben ser emitidos pola Dirección Xeral da paisaxe e AMTEGA, propónse a realización de consulta sobre o estado de tramitación antes da aprobación provisional, para os efectos de valorar a desproporción de posibles demoras a causar ao expediente en función do disposto no art. 85 LOUGA nos termos xa comentados polo asesor xurídico no seu informe....".

A referencia ao informe de AMTEGA debe ser considerada como errónea por canto obra comunicación xirada o 26 de xaneiro de 2016, número rexistro de entrada 395, no que xa se indicaba que en tanto non se produza un desenvolvemento regulamentario das previsións da Lei 3/2013, do 20 de maio, non será esixible o informe ao que fai referencia o seu art. 13 nin do art. 17 en tanto non sexa aprobado e con entrada en vigo do Plan sectorial de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

En canto ao informe emitido polo Instituto de Estudos do Territorio, haberá que estar ao informe do equipo redactor tanto de 3 e 27 de maio de 2016 así como ao da arquitecto municipal.

De forma expresa, o informe de 27 de maio de 2016 sinala que ..."Los criterios establecidos respecto a la clasificación y cualificación del suelo o la relación con la estructura general del territorio, no se han variado en el documento corregido, por tanto, de acuerdo con las determinaciones del art 60.12, párrafo 2º de la Ley del Suelo de Galicia, no procede abrir un nuevo trámite de información pública, teniendo en cuenta que las modificaciones introducidas en el documento no significan un cambio fundamental en el mismo".

Consta no expediente ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada con data 07 de xuño de 2016.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo favorable dos doce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, e polo tanto por maioría absoluta do seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á modificación do acordo número 4213 adoptado polo Pleno da Corporación con data 23 de febreiro de 2016 polo que se aproba provisionamente o expediente de

delimitación do solo de núcleo rural de Riomouro Pequeno, coas correccións realizadas no documento resultantes do informe sectorial do Instituto de Estudos Territoriais, non sendo necesaria practicar unha nova información pública por considerar que non houbo unha modificación sustancial do proxecto xa aprobado inicialmente.

Segundo: Dar traslado do expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Territorio para os efectos da súa aprobación definitiva.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos dos expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás dez horas, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria xeral, dou fe.